

Folla de traballo do xoves 07-11-08

Tema 4. Sistema sesaxesimal

Vai á seguinte páxina do Descartes
Unidades didácticas 2º ESO
MEDIDA DEL TIEMPO Y LOS ÁNGULOS.
PRECISIÓN Y ESTIMACIÓN EN LAS MEDIDAS

Medida del Tiempo. Operaciones con las medidas del Tiempo
Medida de Ángulos. Operaciones con las medidas de los Ángulos

Segue as indicacións das esceas.

1 Sistema sesaxesimal

1.1 Unidades de medida de ángulos

Páx 78 exercicio nº 1

Exprésalo en minutos.

- a) $300''$ b) $1380''$ c) 150° d) 480°

Páx 78 exercicio nº 2

Calcula

- a) Cantos graos son $64800''$? b) E cantos segundos son 10° ?

Páx 78 exercicio nº 3

Un ángulo plano mide 180° . Exprésalo a súa amplitude en minutos e tamén en segundos. Fai o mesmo cun ángulo completo (360°).

Páx 78 exercicio nº 4. Reflexiona.

Un ángulo mide $59^\circ 32'$. Canto lle falta para medir 60°

1.2 Unidades de medida de tempo

Páx 79 exercicio nº 5

Traduce a segundos as seguintes medidas de tempo.

- a) 100 min b) Media hora c) 1,5 h d) 60 min

Páx 79 exercicio nº 6

Exprésalo en minutos.

- a) 2,5 h b) 2 días c) 3600 s d) 14000 s

Páx 79 exercicio nº 7

Calcula a equivalencia en horas.

- a) 90000 s b) 3120 min c) 1 semana d) 3 días

Páx 79 exercicio nº 8

Se a xornada diaria dun estudante da ESO é de 6 horas, exprésalo ese tempo en minutos e tamén en segundos.

Páx 79 exercicio nº 9

Exprésalo en segundos a duración dun partido de baloncesto que ten catro tempos de 10 minutos cada un.

Páx 79 exercicio nº 10. Reflexiona

Xurxo estudou o sábado pola mañá 2 horas e media, e pola tarde, tres cuartos de hora. Cantos minutos estudou máis pola mañá ca pola tarde?

Folla de traballo do venres 07-11-08

Tema 4. Sistema sesaxesimal

2 Forma complexa e incomplexa

2.1 Expresións complexas e incomplexas

2.2 Paso de forma complexa a incomplexa

Páx 80 exercicio nº 11

Exprésala en segundos.

- a) $28^\circ 17' 39''$ b) $56^\circ 38''$ c) 2 h 16 min 20 s
d) $60^\circ 31'$ e) $2^\circ 54' 27''$ f) 3 h 45 min

Páx 80 exercicio nº 12

Exprésala $56^\circ 40'$ en forma incomplexa.

Páx 80 exercicio nº 13

Cantos minutos son tres cuartos de hora? E cantos segundos?

Páx 80 exercicio nº 14. Reflexiona

Un ciclista empregou 1h 15 min 18 s en chegar á meta e outro necesitou 23458 s. Cal dos dous tardou máis?

2.3. Paso de forma incomplexa a complexa

Páx 81 exercicio nº 15

Exprésala en graos, minutos estas medidas de ángulos.

- a) $28300''$ b) $28215''$ c) $872'$ d) $65497''$ e) $43208''$ f) $45001'$

Páx 81 exercicio nº 16

Exprésala en forma complexa as seguintes medidas de tempo.

- a) 458 min b) 34567 s c) 8010 s d) 13590 s e) 5681 min f) 477 s

Páx 81 exercicio nº 17

Un tren tardou 1 hora e 10 minutos en chegar á primeira estación, e 27 minutos en chegar á segunda estación. Cantos minutos tardou en total?

Páx 81 exercicio nº 18. Reflexiona

Indica se as seguintes igualdades son verdadeiras ou falsas. Razona a resposta.

- a) $180007'' = 50^\circ 7''$ b) $3 \text{ h } 452 \text{ s} = 3 \text{ h } 7 \text{ min } 3 \text{ s}$ c) $183 \text{ min } 122 \text{ s} = 3 \text{ h } 5 \text{ min } 2 \text{ s}$

Folla de traballo do día luns 10-11-08

Tema 4. Sistema sesaxesimal

3 Operacións no sistema sesaxesimal

Vai á seguinte páxina do Descartes
Unidades didácticas 2º ESO
Medición de ángulos.

Divisores del grado
Operaciones con ángulos en el sistema sexagesimal:
Suma
Resta

Segue as indicacións das esceas.

3.1 Suma no sistema sesaxesimal

Páx 82 exercicio nº 19

Efectúa estas operacións.

a) $12^\circ 15' 58'' + 23^\circ 22' 19''$

b) $35^\circ 45' + 26^\circ 15' 33''$

Páx 82 exercicio nº 20

O gañador dunha carreira chegou á meta ás 14 h 26 min 47 s, e o segundo 17 min 52 s despois. A que hora chegou o segundo?

Páx 82 exercicio nº 21. Reflexiona

Os tempos de catro corredores foron:

2 min 3 s

1 min 59 s

2 min

1 min 58 s

Calcula o tempo que empregaron en total.

3.2 Resta no sistema sesaxesimal

Páx 83 exercicio nº 22

Efectúa estas operacións.

a) $32^\circ 5' 23'' - 17^\circ 22' 33''$

b) $19^\circ 35' - 11^\circ 34''$

c) $4 \text{ h } 14 \text{ min } 34 \text{ s} - 2 \text{ h } 30 \text{ min } 58 \text{ s}$

d) $2 \text{ h } 6 \text{ min} - 37 \text{ min } 52 \text{ s}$

Páx 83 exercicio nº 23

Calcula: $24^\circ 36' - (24^\circ 22'' - 6^\circ 14')$

Páx 83 exercicio nº 24

Nunha proba contrarreloxo, os tempos de dous ciclistas foron 1 h 1 min 7 s e 59 min 43 s, respectivamente. Calcula a diferenza de tempo que hai entre os dous.

Páx 83 exercicio nº 25. Reflexiona.

Completa esta igualdade.

a) $C^\circ C' C'' - 1^\circ 22' 33'' = 3^\circ 14' 12''$

b) $C \text{ h } C \text{ min } C \text{ s} + 17 \text{ min } 58 \text{ s} = 2 \text{ h } 17 \text{ min } 57 \text{ s}$

Folla de traballo do martes 11-11-08

Tema 4. Sistema sesaxesimal

Vai á seguinte páxina do Descartes
Unidades didácticas 2º ESO
Medición de ángulos.

Operaciones con ángulos en el sistema sexagesimal:
Multiplicación por un número
División por un número

Segue as indicacións das esceas.

3.3 Multiplicación no sistema sesaxesimal

Páx 84 exercicio nº 26

Efectúa estas operacións

a) $(12^\circ 23' 4'') \cdot 3$

b) $(41' 10'') \cdot 4$

c) $(2 \text{ h } 19 \text{ min } 14 \text{ s}) \cdot 5$

d) $(2 \text{ h } 33 \text{ s}) \cdot 4$

Páx 84 exercicio nº 27

Canto mide o ángulo dobre de $\hat{A} = 44^\circ 56' 41''$?

Páx 84 exercicio nº 28

Unha máquina de lavado funciona diariamente 7 h 20 min 40 s. Canto tempo funciona de luns a venres?

Páx 84 exercicio nº 29. Reflexiona

Se multiplicamos un ángulo de medida $45^\circ 15' 37''$ por 4, cal é o erro que cometemos se non temos en conta os segundos?

3.4 División no sistema sesaxesimal

Páx 85 exercicio nº 30

a) $(305^\circ 75' 85'') : 5$

b) $(7^\circ 4' 16'') : 3$

c) $(120^\circ 48') : 6$

d) $(48^\circ 36'') : 4$

Páx 85 exercicio nº 31

Calcula a metade de 12 h 47 min 56 s

Páx 85 exercicio nº 32

Efectúa estas divisións.

a) $(126^\circ 55') : 3$

b) $124^\circ : 5$

Páx 85 exercicio nº 33. Reflexiona

Unha teleoperadora falou por teléfono, de luns a venres, un total de 22 h 49 min 32 s. Cal foi o tempo medio diario que falou?